

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE XULLO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día catorce de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 7 de xullo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de xullo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Decreto 96/2020, do 29 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 135, do 8 de xullo de 2020).
- Resolución do 28 de maio de 2020, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se deixa sen efecto a Resolución do 26 de febreiro de 2020 pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa Cultura no Camiño e se convocan para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 135, do 8 de xullo de 2020).

- Resolución do 25 de xuño de 2020, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT302B). (Diario Oficial de Galicia número 135, do 8 de xullo de 2020).

- Resolución número 2020/20543, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0023B/2020: Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020. Figura o Concello de Cambre como beneficiario co obxecto "servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre, cun importe de subvención de 7.073,16 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 103, do 8 de xullo de 2020).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación da modificación do Plan de vías provinciais 2017, 9ª fase. Apróbase o proxecto de actualización do proxecto de DP 1703: Proxecto de construción: mellora da intersección da estrada DP 1703 Espírito Santo a Frais PQ 2 500 coa estrada AC-214 Guísamo-Sigrás (Cambre), que recolle as observacións indicadas pola Axencia Galega de Infraestruturas, cun orzamento de contrata de 333.552.75 euros que non supón variación económica con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2017, integrándose no Plan de vías provinciais 2017, 9ª fase. (Boletín Oficial da Provincia número 104, do 9 de xullo de 2020).

- Resolución do 1 de xullo, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). Figura na listaxe de agarda dentro do programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B) o Concello de Cambre, coa actuación Concilia Cambre, gasto elixible 31.000,00; 28 puntos; importe segundo puntuación 12.000,00. (Diario Oficial de Galicia número 137, do 10 de xullo de 2020).

- Resolución do 6 de xullo de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 19 de decembro de 2019, da Secretaria Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 138, do 13 de xullo de 2020).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG SLU" no exp nº. 2014/C003/000004, correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", así como incoación de procedemento para declarar a prohibición de contratar co Concello de Cambre por parte da dita empresa. Exp.: 2014/C003/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data do 22 de xullo de 2019 foi notificado ao Concello de Cambre o contido da Sentenza dictada o 17 de xullo de 2019 pola Sección 003 da Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , no recurso de Apelación nº 7067/2019 interposto pola entidade “SYR-AMG, S.L.U.” contra a Sentenza do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña de data 6 de marzo de 2019, no P.O. 74/2017, referente á **“Resolución do contrato suscrito para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”**, Exp.: 2014/C003/000004.

Visto o informe asinado con data 8 de xullo de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación e do interventor municipal, que consta do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Danse por expresamente reproducidos, en aras á brevidade, os que constan nos informes xurídicos emitidos ao longo do expediente , entre eles os emitidos con datas do 25 de outubro de 2016, 11 de novembro de 2016, e 30 de decembro de 2016, e dos que se resaltan , resumidamente, os seguintes feitos, aos que cómpre engadir os acaecidos desde entón ata o día de hoxe :

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 26 de outubro de 2016, adoptou, entre outros pronunciamentos, o acordo de incoar expediente para a resolución do contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade ‘SYR-AMG, S.L.U.’, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada ‘Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012’, expediente nº 2014/C003/000004, dando audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos á entidade adjudicataria do contrato, co fin de que puidese alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase convenientes.

2.- Con data do 14 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou os seguintes acordos :

“Primeiro : Desestimar as alegacións formuladas pola entidade “SYR-AMG, S.L.U.” no seu escrito presentado no Concello de Cambre con data 7 de novembro de 2016, e rexistrado ao nº 0/9648, toda vez que, tal e como se indica no informe xurídico emitido por Secretaría-Intervención o día 11 de novembro de 2016, estas alegacións se refiren, na súa totalidade, a aspectos que xa fóron debidamente contestados e notificados á empresa , segundo se establece nos informes emitidos pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 1 de abril de 2016, pola secretaria xeral da Corporación con datas do 9 de agosto e 10 de outubro de 2016, e o emitido conxuntamente pola secretaria xeral e mailo interventor da Corporación con data do 25 de outubro de 2016, así como nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con datas do 10 de outubro e 26 de outubro de 2016.

Segundo : Dar traslado ao Consello Consultivo de Galicia, para emisión de Dictame preceptivo, do expediente incoado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 26 de outubro de 2016, para a resolución do contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, entre o Concello de Cambre e a entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación

Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”.

A solicitude de Dictame fundaméntase no establecido nos artigos 109.1.d) do RD 1098/2001 do 12 de outubro, (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), arts. 11, 12.g), e 24.1 da Lei 3/2014 do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e art. 37 do Decreto 91/2015 do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia,

Terceiro: O transcurso do prazo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución declárase suspendido dende que a petición teña entrada no Consello Consultivo de Galicia, ata a recepción do informe, sen que este prazo de suspensión poida exceder, en ningún caso, de tres meses, isto baseándose no establecido no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarto: Comunicar ao Consello Consultivo e á entidade adxudicataria que, á vista do rexeitamento dos planes de xestión de residuos presentados pola empresa, e da desestimación das alegacións formuladas nos distintos trámites que fóron outorgados á entidade contratista, a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre (sen prexuízo do que resulte do Ditame emitido polo Consello Consultivo), sería a seguinte:

Primeiro: Resolver o contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente nº 2014/C003/000004, motivado, en concreto, no incumprimento, por parte da adxudicataria, do prazo de execución esixido tanto no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento como no contrato suscrito, ademais de polo incumprimento dunha obriga esencial para a execución do contrato, que se deriva da imposibilidade de aprobar o Plan de Xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lle foi facilitado e que ten carácter contractual (cláusula 1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron no seu día na licitación), e á oferta por ela presentada, falta de aprobación que impide que se inicie a obra, (cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares), isto de conformidade co establecido nos apartados d) e f) do artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, nas cláusulas 18 e 33 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, así como na cláusula IV do contrato formalizado o 8 de xaneiro de 2015, e tendo en conta que o concello solicitou unha nova prórroga para a execución da obra (a quinta), e que a obra ten que estar executada antes do 22 de decembro de 2017 (tres anos dende a adxudicación, tal e como consta na Circular remitida no seu día pola Deputación Provincial para autorizar o inicio das obras), iso sen prexuízo do ditame que se emita polo Consello Consultivo respecto da causa concreta de resolución do contrato aplicable ao suposto plantexado.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 100 e 225, apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), proceder á incautación da garantía definitiva constituída pola empresa “SYR-AMG, S.L.”, por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, establecer que o contratista debe indemnizar ao Concello de Cambre os danos e perdas que resulten acreditados en trámite de recoñecemento de obrigas, e cuxo importe definitivo fixarase logo da audiencia do contratista, e unha vez que o Concello de Cambre adxudicase novamente a obra.

En calquera caso, a indemnización polos danos e perdas deberá contemplar os seguintes conceptos:

- A) Posible perda da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre, por importe de 83.388,30 euros
- B) Costes que deriven ao Concello de Cambre como consecuencia dunha nova adxudicación da obra
- C) O total que resulte deste montante haberá que minoralo coa cantidade de 4.556,74 euros, (importe da garantía definitiva), ao implicar a resolución culpable do contratista a incautación da garantía definitiva constituída.

Cuarto: Incoar un procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre da entidade adxudicataria do contrato e responsable da resolución . Isto, de conformidade co establecido nos artigos 225, 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.”

3.- O día 22 de decembro de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/11071 o ditame adoptado con data do 16 de decembro actual polo Consello Consultivo de Galicia, no expediente referente á **“Resolución do contrato suscrito para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, (número CCG 359/16), xunto coa devolución do expediente.**

A conclusión do ditame é **“Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire.”**

Non obstante, en relación coa indemnización de danos e perdas pola posible perda da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre, por importe de 83.388,30 euros, contida no apartado terceiro da proposta do acordo da Xunta de Goberno Local, na consideración quinta do seu ditame, o Consello Consultivo fai constar que :

“Neste particular, e á marxe do incumprimento contractual acreditado, non podería imputarse en exclusiva á empresa a responsabilidade pola eventual perda da subvención á que se fai referencia, senón que deberá terse en conta a demora observada para a resolución dun contrato que, non debe esquecerse, tiña un prazo de execución de tres meses e que foi asinado hai case dous anos ; sendo esta demora non exclusivamente atribuíble ao contratista (neste sentido, Ditame do Consejo de Estado 2457/1994).”

4.- Con data do 2 de xaneiro de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou o seguinte acordo :

“- **Primeiro** : De acordo co Consello Consultivo, resolver o contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente nº 2014/C003/000004, motivado, en concreto, no incumprimento, por parte da adxudicataria, do prazo de execución esixido tanto no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento como no contrato suscrito, ademais de polo incumprimento dunha obriga esencial para a execución do contrato, que se deriva da imposibilidade de aprobar o Plan de Xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lle foi facilitado e que ten carácter contractual (cláusula 1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron no seu día na licitación), e á oferta por ela

presentada, falta de aprobación que impide que se inicie a obra, (cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares), isto de conformidade co establecido nos apartados d) e f) do artigo 223 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, nas cláusulas 18 e 33 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, así como na cláusula IV do contrato formalizado o 8 de xaneiro de 2015, e tendo en conta que o concello solicitou unha nova prórroga para a execución da obra (a quinta), e que a obra ten que estar executada antes do 22 de decembro de 2017 (tres anos dende a adxudicación, tal e como consta na Circular remitida no seu día pola Deputación Provincial para autorizar o inicio das obras).

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 100 e 225 , apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), proceder á incautación da garantía definitiva constituída pola empresa "SYR-AMG, S.L.", por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, establecer que o contratista debe indemnizar ao Concello de Cambre os danos e perdas que resulten acreditados en trámite de recoñecemento de obrigas, e cuxo importe definitivo fixarase logo da audiencia do contratista, e unha vez que o Concello de Cambre adxudicase novamente a obra.

En calquera caso, a indemnización polos danos e perdas deberá contemplar os seguintes conceptos:

- A) Posible perda da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre.

De acordo coa consideración que efectúa o Consello Consultivo no seu ditame de data 16 de decembro actual, (exp. CCG 359/16), a posible indemnización a solicitar á empresa pola posible perda da subvención non excederá de 41.694,15 euros, resultante de minorar nun 50 % o importe total da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre, por un importe total de 83.388,30 euros .

- B) Costes que deriven ao Concello de Cambre como consecuencia dunha nova adxudicación da obra
- C) O total que resulte deste montante haberá que minoralo coa cantidade de 4.556,74 euros, (importe da garantía definitiva), ao implicar a resolución culpable do contratista a incautación da garantía definitiva constituída.

Cuarto: Simultaneamente á incoación do procedemento para a determinación do importe indemnizatorio, incoarase un procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre da entidade adxudicataria do contrato e responsable da resolución . Isto, de conformidade co establecido nos artigos 225.3, 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Quinto: Comunicar os acordos anteriores ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015 do 18 de xuño) .

Sexto: Notificar ao interesado os anteriores acordos, achegando á notificación que se lle curse unha copia compulsada do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no expediente CCG 359/16, facéndolle

constar que, de conformidade co establecido no artigo 211.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), os anteditos acordos poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivos, esto sen prexuízo de que poidan recorrerse potestativamente en reposición ou impugnarse directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétimo : Notificar os anteriores acordos á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Planes Provinciais, co fin de que, coa maior brevidade posible, se proceda á aprobación do proxecto modificado nº 1: "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012" elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata de 166.166,99 euros, que foi aprobado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2016, e remitido á Deputación Provincial con data do 28 de outubro de 2016, esto coa finalidade de incoar expediente de contratación para a execución da obra."

5.- Interposto pola empresa "SYR-AMG, S.L." recurso previo de reposición contra o citado acordo, e posterior contencioso-administrativo contra a resolución da Alcaldía nº 197/2017 que desestima o recurso de reposición, deu orixe ao procedemento nº **74/2017** que foi seguido ante o **xulgado do contencioso-administrativo nº 4 da Coruña**, que finalizou con sentenza de data 06/03/19 na que o xulgado desestima o recurso impondo as costas por importe non superior a 700 euros á recorrente, "SYR-AMG, S.L."

A anterior sentenza foi recorrida en apelación pola entidade "SYR-AMG, S.L."

6.- Con data do 3 de maio de 2019 emítese informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que se establecen os seguintes importes polos conceptos indemnizatorios contemplados no acordo da Xunta de Goberno local de data 2 de xaneiro de 2017:

		Garantía SYR-AMG	Adxudicación SYR-AMG	Adxudicación ALVAC	TOTAL
A	Posible perda da subvención				0,00
B	Custos como consecuencia de nova licitación		110.273,17	114.588,76	4.315,59
C	Garantía incautada	4.556,74			4.556,74

-241,15

Polo que conclúe a enxeñeira técnica que o importe da indemnización sería de 0,00 €, ao quedar os conceptos cubertos coa incautación da garantía.

Así mesmo, propón declarar a prohibición de contratar á empresa SYR-AMG, S.L. segundo o establecido nos artigos 225.3 60.2a) y 61.2.c) por un prazo de 5 anos.

7.- Con data 17 de xullo de 2019 díctase Sentencia pola sección 003 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza do 06/03/2019 dictada no P.O. 74/2017, con imposición das costas á entidade recorrente na contía de 1.000 euros.

Contra esta sentenza dictada en segunda instancia cabe a interposición de recurso de casación, sen que a día de hoxe lle conste a este Concello que se interpuxese o citado recurso pola empresa.

LEXISLACIÓN APLICABLE

I.- Danse por expresamente reproducidos, de cara á brevidade, os fundamentos xurídicos que constan nos informes xurídicos de datas do 25 de outubro de 2016, 11 de novembro e 30 de decembro de 2016, no que resulta de aplicación ao presente .

II.- A normativa de aplicación ao expediente que nos ocupa vén determinada, principalmente, polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,(TRLCSP), esto tendo en conta o establecido pola Disposición Transitoria primeira da Lei 9/2017 de contratos do sector público, en virtude da cal :

“1. Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se regirán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados sin publicidad, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.”

III .- Respecto ao procedemento para a declaración de prohibición de contratar, arts. 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,(TRLCSP), aplicable ao expediente que nos ocupa de conformidade coa Disposición Transitoria primeira da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro, nos seus artigos 18 a 20.

IV.- No referente ao procedemento para a incautación da garantía, art. 97 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,(TRLCSP).

INFORME

Primeiro : Tendo en conta que, por sendas sentenzas dictadas en primeira e segunda instancia polo xulgado do contencioso-administrativo nº 4 da Coruña e pola Sección 003 da Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia se desestimaron integramente os recursos interpostos pola entidade “SYR-AMG,S.LU..” contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2017 no procedemento de resolución do contrato suscrito coa entidade “SYR-AMG,S.L.U.” para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente nº 2014/C003/000004, o citado acordo **devén firme**.

Lembremos que, a Xunta de Goberno local, ademais de acordar a resolución do contrato e maila incautación da garantía definitiva constituída pola empresa, acordou :

“**Terceiro**: De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, establecer que **o contratista debe indemnizar ao Concello de Cambre os danos e perdas que resulten acreditados en trámite de recoñecemento de obrigas, e cuxo importe definitivo fixarase logo da audiencia do contratista, e unha vez que o Concello de Cambre adxudicase novamente a obra.**

En calquera caso, a indemnización polos danos e perdas deberá contemplar os seguintes conceptos:

- A) Posible perda da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre.

De acordo coa consideración que efectúa o Consello Consultivo no seu ditame de data 16 de decembro actual, (exp. CCG 359/16), a posible indemnización a solicitar á empresa pola posible perda da subvención non excederá de 41.694,15 euros, resultante de minorar nun 50 % o importe total da subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Cambre, por un importe total de 83.388,30 euros.

- B) Costes que deriven ao Concello de Cambre como consecuencia dunha nova adxudicación da obra
- C) O total que resulte deste montante haberá que minoralo coa cantidade de 4.556,74 euros, (importe da garantía definitiva), ao implicar a resolución culpable do contratista a incautación da garantía definitiva constituída.

Cuarto: Simultaneamente á incoación do procedemento para a determinación do importe indemnizatorio, incoarase un procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre da entidade adxudicataria do contrato e responsable da resolución. Isto, de conformidade co establecido nos artigos 225.3, 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.”

Unha vez adxudicada novamente a obra (á empresa “Alvac, S.A., coa que se asinou o correspondente contrato con data 15 de setembro de 2017), e tendo en conta que a sentenza da segunda instancia (dictada o 17 de xullo de 2019), desestima o recurso de apelación e confirma polo tanto a sentenza dictada en primeira instancia (con data do 6 de marzo de 2019), podemos ter en conta os importes indemnizatorios fixados pola enxeñeira técnica municipal no seu informe de data 3 de maio de 2019, pois non se ven afectados polo contido da sentenza posterior, e responden aos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local con data 2 de xaneiro de 2017.

Debemos ter en conta que, cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados, de xeito que **a indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, de ser o caso, se tivese constituído**, sen prexuízo da subsistencia de responsabilidade civil do contratista no que se refire ao importe que exceda ao da garantía incautada (art. 225.3 TRLCSP).

Tendo en conta que o acordo de incautación da garantía foi adoptado con data 2 de xaneiro de 2017, e adquire firmeza pola sentenza confirmatoria do TSX de Galicia, o resultado do importe da indemnización que lle sería esixible á empresa “SYR AMG, S.L.U.” pasa a ser de 0 euros, tal e como indica a enxeñeira técnica de obras públicas municipal no seu informe de 3/05/2019 –cálculo que se transcribe no antecedente de feito 6 do presente informe-, por canto os conceptos a indemnizar quedan cubertos polo importe da garantía incautada.

No que se refire ao procedemento para a incautación da garantía, requírese a incoación dun expediente contradictorio, iso de conformidade co establecido no artigo 97 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, (hoxe, art. 112.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público), en cuio apartado 2 se establece expresamente que “O avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que efecten

á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992 do 26 de novembro”, na actualidade Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se ben no presente procedemento a garantía foi depositada en metálico, polo que non contamos cun avalista ou asegurador ao que dar trámite de audiencia, por analogía debe outorgarse este mesmo trámite á entidade adxudicataria, como unha maior garantía dos seus dereitos que, por outra banda, xa exerceu coa impugnación dos acordos adoptados polo Concello ata o momento.

Segundo : No referente á prohibición de contratar, a proposta da enxeñeira técnica (que se establece para o prazo de cinco anos), se axusta ao establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, (TRLCSP), (aplicable ao expediente que nos ocupa de conformidade coa Disposición Transitoria primeira da Lei 9/2017 de contratos do sector público), e a xuízo da funcionaria informante resulta axeitada ás circunstancias do expediente, tendo en conta a manifesta mala fe da entidade, que se veu poñendo de manifesto ao longo do expediente e que mesmo se recoñece polos órganos xurisdiccionais coa imposición das costas procesuais que se establecen nas dúas instancias polas dúas sentenzas.

De feito, a actitude obstaculizante da empresa foi constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución desta no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente e derivan da exposición de feitos deste informe, (presentación de planes de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto, etc...), que derivaron en incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual, e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra), actitude que provocou a incoación de expediente de resolución contractual que foi obxecto de varios recursos administrativos e xurisdiccionais interpostos pola empresa adxudicataria - a pesar de que a empresa era coñecedora do ditame do Consello Consultivo de Galicia favorable á resolución - , non téndose dictado sentenza na segunda instancia ata o 17 de xullo de 2019. Durante este tempo, o Concello de Cambre tivo que adxudicar novamente a obra e solicitar prórrogas para xustificar a execución da obra financiada pola Deputación Provincial da Coruña e non perder a achega provincial. Todas estas circunstancias poñen de manifesto, a xuízo da funcionaria informante, a mala fé demostrada pola empresa, que xustifica a imposición do prazo máximo de duración da prohibición para contratar.

Así, o artigo 60.2 a) do TRLCSP sinala como circunstancia que impide aos empresarios contratar coas Administracións públicas, entre outras, o “Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha Administración pública”.

A apreciación da concorrencia desta prohibición de contratar requirirá a previa declaración da súa existencia mediante procedemento para o efecto (art. 61 TRLCSP). **O alcance e duración desta prohibición determinarase seguindo o procedemento que as normas de desenvolvemento da Lei contractual establezan, atendendo, de ser o caso, á existencia de dolo ou manifesta mala fe no empresario, e á entidade do dano causado aos intereses públicos.** A duración da prohibición **non excederá de cinco anos, con carácter xeral**, e o procedemento de declaración non poderá iniciarse se tivesen transcorrido máis de **tres anos**, contados a partir da data na que fose firme a resolución do contrato (art. 61 TRLCSP).

A declaración da prohibición correspóndelle á Administración contratante, e afectará á contratación coa Administración competente para a súa declaración, sen prexuízo de que o Ministerio de Facenda, logo da comunicación e con audiencia do empresario, considerando o dano causado aos intereses públicos, poida estender os seus efectos á contratación con calquera órgano, ente, organismo ou entidade do sector público.

A eficacia desta prohibición de contratar estará condicionada á súa inscrición ou constancia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas que corresponda, polo que, para os efectos da aplicación destas medidas contempladas no artigo 60 TRLCSP, as autoridades e órganos competentes notificarán á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado e aos órganos competentes das Comunidades Autónomas as sancións e resolucións firmes recaídas nos procedementos mencionados, co fin de que se poidan instruír os expedientes previstos no artigo 60 ou adoptarse as resolucións que sexan pertinentes e proceder, de ser o caso, á súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que sexa procedente.

En relación cos artigos expostos do TRLCSP, sinala o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro, nos seus artigos 18 a 20, que :

“Artículo 18. Competencia para la declaración de la prohibición de contratar.

1. La competencia para la declaración de la prohibición de contratar en los supuestos previstos en los párrafos a) y d) del artículo 20 de la Ley corresponde al Ministro de Hacienda, que dictará resolución a propuesta de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa y revestirá carácter general para todas las Administraciones Públicas.

2. En los supuestos previstos en los párrafos c) y g) del mismo artículo la competencia corresponderá a la Administración contratante, entendiéndose por tal, en el supuesto del párrafo g), aquélla ante la que se hubiese incurrido en falsedad, y en el supuesto del párrafo h) la competencia corresponderá a la que hubiese acordado la suspensión de la clasificación o declarado la prohibición infringida con eficacia limitada, en los tres casos, a su propio ámbito. Cuando la prohibición haya de producir efectos generales ante las distintas Administraciones públicas o se imponga en el ámbito de la Administración General del Estado, sus organismos autónomos y entidades de derecho público vinculadas o dependientes de dicha Administración la competencia corresponde al Ministro de Hacienda que dictará resolución a propuesta de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa.

3. A los efectos de lo dispuesto en el apartado anterior si el ámbito de la prohibición declarada fuese autonómico o local y se entendiese procedente extender sus efectos con carácter general para todas las Administraciones públicas deberán comunicarse los respectivos acuerdos a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa para que formule propuesta en este sentido al Ministro de Hacienda que resolverá, teniendo en cuenta el daño causado a los intereses públicos.

Artículo 19. Procedimiento para la declaración de la prohibición de contratar.

1. Corresponde a los órganos de contratación la iniciación del procedimiento para la declaración de la prohibición de contratar en los supuestos en que los hechos que la motivan se pongan de manifiesto con ocasión de la tramitación de un expediente de contratación. En los restantes supuestos corresponde la iniciación a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa o a los órganos que correspondan de las Comunidades Autónomas.

Las autoridades y órganos competentes que las acuerden comunicarán las sentencias, sanciones y resoluciones firmes recaídas en los procedimientos correspondientes a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa o a los órganos competentes de las Comunidades Autónomas.

En los supuestos del párrafo d) del artículo 20 de la Ley las autoridades y órganos competentes que acuerden sanciones o resoluciones firmes remitirán a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa las actuaciones seguidas mediante la **tramitación del correspondiente expediente, en el que se cumplirá el trámite de audiencia**, acompañando informe sobre las circunstancias concurrentes, a efectos de que por aquélla se pueda apreciar el alcance y la duración de la prohibición de contratar que ha de proponer al Ministro de Hacienda.

El trámite de audiencia deberá reiterarse por la Junta Consultiva de Contratación Administrativa antes de elevar propuesta de resolución.

2. Cuando el expediente se inicie por el órgano de contratación se incorporarán al mismo los informes de los servicios técnicos y jurídicos, cumpliéndose posteriormente el trámite de audiencia, remitiéndose el expediente al órgano competente para su resolución o a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa cuando a ésta le corresponda formular la propuesta.

3. En los supuestos en que la iniciación y tramitación del expediente corresponda a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa o a los órganos competentes de las Comunidades Autónomas, se cumplirá el trámite de audiencia antes de presentar al órgano competente la correspondiente propuesta de resolución.

4. El alcance y duración de la prohibición se determinará atendiendo, en su caso, a la existencia de dolo o manifiesta mala fe del empresario y a la entidad del daño causado a los intereses públicos.

Artículo 20. Notificación y publicidad de los acuerdos de declaración de la prohibición de contratar.

Los acuerdos adoptados sobre prohibición de contratar se notificarán a los interesados. Si declarasen la prohibición de contratar se inscribirán en los registros oficiales de empresas clasificadas, respecto de las empresas que cumplan tal condición y, en su caso, en los registros oficiales de contratistas o de empresas licitadoras, en los que conste la clasificación a que hace referencia el artículo 34 de la Ley y se publicarán en el «Boletín Oficial del Estado» cuando la prohibición tenga carácter general para todas las Administraciones públicas o afecte a la Administración General del Estado, o en los respectivos diarios o boletines oficiales a cuyo ámbito se circunscriba.”

Con base nos antecedentes, e tendo en conta a lexislación aplicable, fórmulase ao órgano de contratación a seguinte proposta de acordos a adoptar :

Primeiro : Unha vez firme o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, polo que se acorda resolver o contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente nº 2014/C003/000004, e de conformidade co establecido nos artigos 100 e 225 , apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), **proceder á incautación da garantía definitiva** constituída pola empresa “SYR-AMG, S.L.U.”, por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e tendo en conta os acordos adoptados pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, e mailo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o día 3 de maio de 2019, establecer que o contratista non debe indemnizar ao Concello de Cambre en cantidade ningunha en concepto de danos e perdas , toda vez que o posible importe da indemnización, que se establecería en 4.315,59 euros como consecuencia da diferenza entre o importe de adxudicación do contrato á empresa “SYR-AMG,S.L.U.” e da nova adxudicación da obra, queda cuberto co importe da garantía incautada.

Terceiro: Incoar procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos da entidade “SYR-AMG,S.L.U.”, responsable da resolución , esto de conformidade co establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O prazo máximo da prohibición vén motivado pola existencia de mala fe por parte da empresa, esto tendo en conta a súa actitude obstaculizante constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución da obra no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente nº 2014/C003/000004, (presentación de planes de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto, etc...), que derivaron en incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial

para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra), e máis na incoación de expediente de resolución contractual que foi obxecto de varios recursos administrativos e xurisdiccionais interpostos pola empresa adxudicataria - a pesar de ser coñecedora do ditame do Consello Consultivo de Galicia favorable á resolución -, non téndose dictado sentenza na segunda instancia ata o 17 de xullo de 2019, tempo durante o cal o Concello de Cambre tivo que adxudicar novamente a obra e solicitar prórrogas para xustificar a execución da obra financiada pola Deputación Provincial da Coruña e non perder a achega provincial.

Cuarto: De conformidade co establecido nos artigos 19 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións públicas, e 97 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, dar audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos, á entidade interesada, co fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

Quinto: Notificar á empresa "SYR-AMG,S.L.U." os anteriores acordos, achegando á notificación que se lle curse un exemplar do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 03/05/2019 e máis do presente informe, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non procede a interposición de recurso administrativo."

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro : Unha vez firme o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, polo que se acorda resolver o contrato suscrito o día 8 de xaneiro de 2015, coa entidade "SYR-AMG, S.L.U.", para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012", expediente nº 2014/C003/000004, e de conformidade co establecido nos artigos 100 e 225, apartados 3 e 4, do RDL 3/2011 (Texto refundido Lei dos contratos do sector público), **proceder á incautación da garantía definitiva** constituída pola empresa "SYR-AMG, S.L.U.", por importe de 4.556,74 euros, mediante depósito en metálico efectuado o 1 de decembro de 2014.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 113 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e tendo en conta os acordos adoptados pola Xunta de Goberno local do Concello de Cambre con data do 2 de xaneiro de 2017, e mailo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o día 3 de maio de 2019, establecer que o contratista non debe indemnizar ao Concello de Cambre en cantidade ningunha en concepto de danos e perdas, toda vez que o posible importe da indemnización, que se establecería en 4.315,59 euros como consecuencia da diferenza entre o importe de adxudicación do contrato á empresa "SYR-AMG,S.L.U." e da nova adxudicación da obra, queda cuberto co importe da garantía incautada.

Terceiro: Incoar procedemento para declarar a prohibición para contratar co Concello de Cambre durante un prazo de cinco anos da entidade "SYR-AMG,S.L.U.", responsable da resolución, esto de conformidade co establecido nos artigos 60.2.a) e 61.2.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O prazo máximo da prohibición vén motivado pola existencia de mala fe por parte da empresa, esto tendo en conta a súa actitude obstaculizante constante desde o mesmo momento da sinatura do contrato, o 8 de xaneiro de 2015, coa continua alegación de circunstancias para impedir a execución da obra no prezo contratado, como demostran os numerosos incidentes procedimentais que constan ao longo do expediente nº 2014/C003/000004, (presentación de planes de xestión de residuos que non podían ser aprobados, solicitude de modificación do proxecto, etc...), que derivaron en incumprimento do prazo de execución da obra e máis dunha obriga esencial para a execución do contrato (imposibilidade de aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa por non adaptarse ao proxecto que lles foi solicitado e que ten carácter contractual e á oferta presentada pola empresa, o que impediu que se iniciase a obra), e máis na incoación de expediente de resolución contractual que foi obxecto de varios recursos administrativos e xurisdiccionais interpostos pola empresa adxudicataria - a pesar de ser coñecedora do ditame do Consello Consultivo de Galicia favorable á resolución - , non téndose dictado sentenza na segunda instancia ata o 17 de xullo de 2019, tempo durante o cal o Concello de Cambre tivo que adxudicar novamente a obra e solicitar prórrogas para xustificar a execución da obra financiada pola Deputación Provincial da Coruña e non perder a achega provincial.

Cuarto: De conformidade co establecido nos artigos 19 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións públicas, e 97 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, dar audiencia, polo prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación destes acordos, á entidade interesada, co fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

Quinto: Notificar á empresa "SYR-AMG,S.L.U." os anteriores acordos, achegando á notificación que se lle curse un exemplar do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 03/05/2019 e máis do informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación de data 8 de xullo de 2020, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non procede a interposición de recurso administrativo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 3 ao 9 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 884/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 932/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
884/2020	03-07-2020	Convocatoria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2020
885/2020	03-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en las inmediaciones de Apeadeiro, Cecebre. Propiedade: Adif
886/2020	03-07-2020	Declaración de ruína da edificación sita en Galiñeiros, Cecebre a nome de herdeiros de JGR e MLGB
887/2020	03-07-2020	Declaración de ruína da edificación sita en Lendoiro, Cecebre. propietario: herdeiros de DBA

888/2020	03-07-2020	Expediente de reposición da legalidade urbanística por acopio de material en finca colindante á sita en Leiras, Cecebre por EJCE, S.L.
889/2020	03-07-2020	Orde de execución por vertido de augas sucias á cuneta desde finca sita en Drozo, Cambre. Propiedade: MCVB
890/2020	03-07-2020	Orde de execución por vertido de augas sucias á cuneta desde finca sita en rúa Castellana, Cambre. Propiedade: AMVC
891/2020	03-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
892/2020	03-07-2020	Contrato menor para traslado da OMX á Casa Arrigada
893/2020	03-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JGMR
894/2020	03-07-2020	Denegar a axuda emerxencia social alimentos por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos. Solicitante: MMR
895/2020	03-07-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica para a vivenda unifamiliar sita en Pontido, Sigrás. Solicitante: UFD, DE, S.A.
896/2020	03-07-2020	Conceder a licenza municipal para executar una acometida eléctrica para a vivenda unifamiliar sita en Roncesvalles, Brexo así como para as demais vivendas unifamiliares resultantes da licenza de parcelación núm. 2016/U018/000005. Solicitante: UFD, DE, S.A.
897/2020	03-07-2020	Aprobación da oferta do programa de actividades físico deportivas durante o verán 2020 organizadas polo Concello de Cambre
898/2020	03-07-2020	Autorización de adhesión ao programa Son de Bares - La Románica
899/2020	03-07-2020	Colaboración policías locais nas eleccións ao Parlamento de Galicia o 12 xullo 2020
900/2020	03-07-2020	Aprobación de facturas e gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 28.163,78 euros
901/2020	03-07-2020	Aprobación de despesas pola publicación de anuncios no DOGA e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 310,50 euros
902/2020	06-07-2020	Celebración voda civil de AFLdeO e DFG o 11 de xullo de 2020
903/2020	06-07-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 19.954,20 euros
904/2020	06-07-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos por importe de 20.707,52 euros (recoñecemento extraxudicial de créditos 9A)
905/2020	06-07-2020	Denegar a axuda aluguer por existir avalista no contrato de aluguer. Solicitante: MEFV
906/2020	07-07-2020	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguiniedo Álvarez dende o 13 ao 24 de xullo de 2020
907/2020	07-07-2020	Licenza de legalización de soto na vivenda sita na Casilla - Cambre para obter a licenza de primeira ocupación con Expediente 2019/U007/000007
908/2020	07-07-2020	Licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar sita na Mota, Cecebre propiedade de GPP(expediente

		2018/u022/000028)
909/2020	07-07-2020	Reposición legalidade urbanística por construción de peche con plantas ornamentais sen comunicación previa presentada en finca sita no Fial, Pravio. Propiedade: JGP e SPD
910/2020	07-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Armental, Pravio con existencia de maleza e ramas de árbores en contacto con tendido aéreo. Propiedade: ESB
911/2020	08-07-2020	Autorización ocupación espacio na beirarrúa da rúa Polígono á Agrupación Socialista de Cambre para o día 10 de xullo de 2020, co motivo da campaña electoral
912/2020	08-07-2020	Concesión e denegación de axudas de bonotaxi para o exercicio 2020
913/2020	08-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
914/2020	08-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
915/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Aldea de Arriba, Cecebre con ramas de árbore invadindo terreo público e en contacto con tendido aéreo. Propiedade: AMGG e Herdeiros de EOF
916/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nos Campóns, Sigrás con existencia de árbores e abundante maleza. Propiedade: MLG, LMG, CLLG e PELG
917/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Armental, Pravio. Propiedade: JSS e EBP
918/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas po estado de parcelas sitas en Armental, Pravio. Propiedade: MIAT
919/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Xira, Sigrás con abundante maleza. Propiedade: Herdeiros de JGO e herdeiros de MPS
920/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Sigrás de Abaixo, Sigrás con ramas de árbores invadindo espazo público. Propiedade: MGM
921/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MRM
922/2020	08-07-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pena, Sigrás. Propiedade: MMB
923/2020	09-07-2020	Expediente sancionador por incumprimento de horario de peche do establecemento denominado Boulevard de los Sueños sito en O Temple, Cambre
924/2020	09-07-2020	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000053/2020 -M Representación e defensa. TEDeC 2018/P001/000017 responsabilidade patrimonial
925/2020	09-07-2020	Cultura no Camiño + Ano 2020
926/2020	09-07-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra REORDENACIÓN ÁMBITO URBANO FASE II (CTRA. AC-214 Y CALLES BALADO, CARBALLO, G GARCÉS Y P. MANZANO), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 27.593,47 euros, así como o seu pagamento

927/2020	09-07-2020	Aprobación da actividade, desenvolvemento e orzamento da "Galaico virtual"
928/2020	09-07-2020	Subministración de papeleiras de polietileno rotuladas co texto "Concello de Cambre"
929/2020	09-07-2020	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na Casilla - Cambre
930/2020	09-07-2020	Contrato prestación de servizos de prevención: Plan de Continxencia fronte a COVID-19 campamentos urbanos de verano 2020
931/2020	09-07-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xuño e de profesionais e alugueres do segundo trimestre de 2020 e o seu pagamento
932/2020	09-07-2020	Aprobación da liquidación da liquidación do IVE do segundo trimestre de 2020 e o seu pagamento

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia